

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2020 pola que se dispón a continuación do prazo de presentación de solicitudes de varios procedementos de subvencións (códigos de procedemento VI432C, VI432D, VI406A, VI422E e VI422F).*

I. As disposicións adicionais terceira e cuarta do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, decretan a suspensión de prazos administrativos e de prescrición e caducidade.

II. No mesmo sentido, a Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e, no oitavo, a interrupción dos prazos de prescrición e caducidade.

III. O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de abril de 2020 sobre a continuación de procedementos de adxudicación e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, establece aspectos relativos á continuación dos procedementos de concesión de subvencións respecto dos cales xa se tivesen aprobado e publicado as correspondentes bases reguladoras e convocatoria pero non se tivese ditado resolución de concesión no dito momento.

IV. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 24 de abril de 2020, acordou valorar favorablemente a proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre a continuación, entre outros, dos expedientes de subvencións cuxas bases e convocatorias estivesen aprobadas e publicadas no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, pero que non se tivese ditado a resolución de concesión, que se indican no anexo desta resolución.

V. Nos procedementos relativos ás subvencións que se relacionan no anexo desta resolución concorren circunstancias que xustifican a adopción dun acordo de levantamento



expreso da suspensión dos prazos de presentación de solicitudes e a continuación da súa tramitación, posto que as actuacións de rehabilitación e promoción de vivendas ás cales se dirixen contribúen á reactivación progresiva da actividade económica e son indispensables para a protección do interese xeral e, por outra banda, este organismo dispón dos medios persoais e técnicos adecuados para poder seguir desenvolvendo con relativa normalidade as funcións e competencias que ten encomendadas, sen ningún menoscabo da finalidade a que se dirixe o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e dos deberes que este impón.

De acordo co anterior, en virtude da autorización conferida polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de abril de 2020, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de aplicación,

**RESOLVO:**

Dispoñer a continuación dos prazos de presentación de solicitudes das subvencións que se relacionan no anexo, no cal se indica, ademais, o número de días naturais que restan para a presentación de solicitudes, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2020

Heriberto García Porto  
 Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

**ANEXO**

**Relación dos procedementos de concesión de subvencións do Instituto Galego da Vivenda e Solo cuxo prazo de presentación de solicitudes se reanuda**

Procedemento	Prazo presentación solicitudes (días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i> )
Subvencións do programa de fomento do parque de vivenda en alugamento do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (código de procedemento VI432C)-Resolución do 30 de decembro de 2019 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2020).	26 días naturais
Subvencións do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (código de procedemento VI432D)-Resolución do 30 de decembro de 2019 (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 2020).	26 días naturais

CVE-DOG: si20mz67-kvi3-q3j6-zul6-bfpylftxd42



Procedemento	Prazo presentación solicitudes (días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i> )
Subvencións do programa de infravivenda do Plan RehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (código de procedemento VI406A)-Resolución do 6 de febreiro de 2020 (DOG núm. 38, do 26 de febreiro de 2020).	48 días naturais
Subvencións do programa de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan 2018-2021 (código de procedemento VI422E)-Resolución do 6 de febreiro de 2020 (DOG núm. 38, do 26 de febreiro de 2020).	13 días naturais
Subvencións do programa para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal (código de procedemento VI422F)-Resolución do 6 de febreiro de 2020 (DOG núm. 38, do 26 de febreiro de 2020).	48 días naturais

